UNIVERSIDADE DA CORUÑA

| Guía Docente | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Datos Identificativos | | | | 2022/23 |
| Asignatura (*) | Inclusión educativa e adaptación do currículo | | Código | 652G04011 |
| Titulación | Grao en Logopedia | | | |
| Descriptores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 1º cuadrimestre | Segundo | Formación básica | 6 |
| Idioma | Galego | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Pedagoxía e Didáctica | | | |
| Coordinación | | Correo electrónico | | |
| Profesorado | Castro Rodríguez, Mª Montserrat<br>Fernández Sánchez, Andrea | Correo electrónico | maria.castror@udc.es<br>andrea.fernandez.sanchez@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Nesta materia pretendemos que o alumnado do Grao de Logopedia se aproxime ao coñecemento das características, posibilidades, dificultades e beneficios dunha proposta educativa que promova a inclusión educativa e social. Tal como a experiencia e a reflexión profesional acredita, unha escola e sociedade inclusivas responde a unha construción colectiva, plenamente activa e participativa de toda a comunidade. O traballo colaborativo entre profesionais constitúese nun elemento clave tanto para o coñecemento das necesidades de cada contexto, de cada persoa, como a planificación e posta en práctica de proxectos e propostas educativas que promova a inclusión educativa e por suposto, en consoacia, a inclusión social. Igualmente potenciarase o uso de recursos do medio natural e social co fin de facer un uso responsable e sustentable deles. De aí que consideremos, que a profesional da logopedia pode e debe xogar un papel coprotagonista co resto de actores e actrices na construción colectiva deste proxecto educativo e social.<br>Esta materia participa no programa "English friendly". Quere dicid, que a materia impartirase en galego, pero se hai algunha persoa que desexe facer as lecturas en inglés, ou necesite algunha aclaración en inglés, poderáselle facer. | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|---|---|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A4 | Coñecer e integrar os fundamentos educativos da Logopedia: Procesos de ensino e aprendizaxe. |
| A16 | Coñecer as características diferenciais da intervención logopédica nos ámbitos familiar, escolar, clínico-sanitario e asistencial. |
| A23 | Coñecer, aplicar e valorar criticamente as técnicas pedagóxicas, así como os recursos metodolóxicos e didácticos para o ensino da linguaxe. |
| A28 | Adquirir un coñecemento práctico en intervención logopédica (formación práctica en ámbitos escolares, clínico-sanitarios e asistenciais). |
| B3 | Apreciar as distintas manifestacións da diversidade. |
| B23 | Traballar de forma colaborativa. |
| B24 | Traballar en equipo e, de ser o caso, de forma interdisciplinar. |
| C2 | Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro. |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|---|---|---|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| A4Conocer e integrar os fundamentos educativos da Logopedia: Procesos de ensino e aprendizaxe | A16<br>A23<br>A28 | B23<br>B24 | C2 |
| A16 Conocer as características diferenciais da intervención logopédica no ámbito escolar | A4<br>A16<br>A23<br>A28 | B3<br>B23<br>B24 | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| A23 Coñecer, aplicar e valorar críticamente as técnicas pedagóxicas, así como os recursos metodolóxicos e didácticos para o ensino da linguaxe. | A28 | B3<br>B23<br>B24 | |
| A28 Adquirir un coñecemento práctico na intervención logopédica (formación práctica en ámbitos escolares). | A4<br>A16<br>A23 | B3<br>B23 | C2 |
| A.29. Comprender o significado das adaptacións do currículo no marco dunha perspectiva inclusiva. | A16<br>A23 | B3<br>B23 | |
| B3 Apreciar as distintas manifestaciones da diversidade. | A4<br>A23 | B23 | C2 |
| B23 Traballar de forma colaborativa cos distintos profesionais que interveñen sobre o alumnado. | A4<br>A16<br>A23<br>A28 | B3 | |
| B24 Traballar de forma interdisciplinar co profesorado e cos distintos membros dos departamentos de Orientación. | A4<br>A16<br>A28 | | |
| B.25. Saber incardinar o apoio logopédico dentrro da estrutura complexa de apoios que precisan as persoas con discapacidade | A4<br>A16 | B3 | |
| C.2. Respetar a diversidade lingúistica do entorno social e realizar una intervención logopédica basada en este respeto, utilizando na rehabilitación a lingua de uso mais frecuente do suxeito. | A4<br>A28 | B3 | |

| Contidos | |
|---|---|
| **Temas** | **Subtemas** |
| Bloque temático I: A resposta á diversidade no ámbito educativo : Evolución e modelos | 1. A resposta á diversidade: factores sociais, políticos e psicopedagóxicos<br><br>2. Da educación segregada á educación integrada<br><br>3. A inclusión educativa: Principios e recursos estratéxicos |
| Bloque temático II:A atención aos problemas de linguaxe nunha escola inclusiva | 1. A linguaxe como instrumento de mediación na comunicación didáctica.<br><br>2. Os problemas de linguaxe e a súa incidencia no rendemento escolar.<br><br>3. A Cooperación entre profesorado e logopedas<br><br>4. Organización do apoio logopédico desde unha perspectiva inclusiva.<br><br>5. A implicación da comunidade educativa no proceso educativo |

| | |
|---|---|
| Bloque temático III: As Necesidades educativas específicas na esfera da linguaxe: Resposta educativa | 1. Retrasos de linguaxe derivados de deprivación social: intervención educativa<br><br>2. Diversidade auditiva e linguaxe : Aspectos educativos<br><br>3. Diversidade motórica e linguaxe: Aspectos educativos<br><br>4. Diversidade intelectual e linguaxe: Aspectos educativos<br><br>5. Trastornos do Desenvolvemento e linguaxe: Aspectos educativos |
| Bloque Temático IV: Curriculum e Adaptacións curriculares na esfera da linguaxe. | 1. Currículo e inclusión educativa<br><br>2. Adaptacións curriculares na esfera da linguaxe<br><br>3. O papel do logopeda no deseño e desenvolvemento das adaptacións curriculares.<br><br>4. Estratexias, medios e recursos para as adaptacións curriculares na esfera da linguaxe<br><br>5. Coñecemento e uso de materiais e recursos dende unha perspectiva da sustentabilidade e o respecto ao medio natural e social |
| Bloque temático V: Problemas psicosociais e linguaxe | 1. Desigualdades sociais e linguaxe<br><br>2. Alumnado estranxeiro e adaptacións da linguaxe |

| Planificación | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Metodoloxías / probas** | **Competencias / Resultados** | **Horas lectivas (presenciais e virtuais)** | **Horas traballo autónomo** | **Horas totais** |
| Discusión dirixida | A4 A16 A28 B23 C2 | 6 | 0 | 6 |
| Estudo de casos | A16 A23 A28 B23 | 6 | 13 | 19 |
| Investigación (Proxecto de investigación) | A4 A16 A23 A28 B3 B23 B24 C2 | 3 | 48 | 51 |
| Proba de resposta breve | A4 A16 A23 A28 B3 | 2 | 9 | 11 |
| Aprendizaxe colaborativa | B23 B24 | 8 | 16 | 24 |
| Lecturas | A4 A16 A23 A28 B3 B24 C2 | 1 | 15 | 16 |
| Presentación oral | A16 A23 A28 B3 B23 C2 | 1 | 5 | 6 |
| Eventos científicos e/ou divulgativos | A16 A23 A28 | 4 | 0 | 4 |
| Sesión maxistral | A4 A16 A23 A28 B3 B24 | 10 | 0 | 10 |
| Atención personalizada | | 3 | 0 | 3 |
| ***Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado** | | | | |

| Metodoloxías | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Discusión dirixida | Traballo individual e colectivo para o tratamento de distintas temáticas |

| | |
|---|---|
| Estudo de casos | Analizaranse casos presentados en diversos formatos: video, texto, oral, etc. |
| Investigación (Proxecto de investigación) | O alumnado en pequenos equipos terán que realizar unha entrevista a unha persoa que se lle proporcione información sobre a súa propia traxectoria persoal, facendo fincapé nos obstáculos pero tamén nas cuestións que favorecen o seu desenvolvemento individual e colectivo, tanto no ámbito educativo como social. A partir da entrevista, farase unha análise e interpretación da información, que se apoiará en bibliografía tanto proporcionada pola profesora como recollida polo propio alumnado. Finalmente farán unha proposta de intervención logopédica dende unha perspectiva inclusiva. |
| Proba de resposta breve | O alumnado terá que facer unha proba sobre os contidos básicos da materia. A proba consistirá en preguntas breves, que o alumnado terá que responder tendo en conta a súa opinión fundamentada e/ou contrastada coas doutros autores e autores traballadas na materia. |
| Aprendizaxe colaborativa | Un dos eixos fundamentais da materia será a aprendizaxe colaborativa tanto dentro como fóra da aula. |
| Lecturas | Na aula proporcionaranse unha serie de lecturas que terán que ler todos os alumnos e alumnas. Ademais para a preparación da materia, o alumnado poderán realizar outras lecturas complementarias recollidas na bibliografía, achegadas polo profesorado ou seleccionadas polo propio alumnado. |
| Presentación oral | O alumnado terá que intervir oralmente na presentación do proxecto de investigación. |
| Eventos científicos e/ou divulgativos | Ao longo do curso, contaremos coa participación de persoas, colectivos e ONGs que dan a coñecer as condicións persoais e necesidades de intervención logopédica que demandan determinadas situacións persoais; igualmente nos dan a coñecer experiencias realizadas no ámbito logopédico. |
| Sesión maxistral | Presentarase oralmente a información máis esencial de cada bloque temático e orientarase ao alumnado sobre como ampliar os coñecementos sobre o mesmo. |

| Atención personalizada | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Estudo de casos<br>Investigación (Proxecto de investigación) | Realizaranse titorías grupais e individuais para o seguimento do proxecto de investigación.<br><br>Presentarase na aula casos de alumnos ou alumnas con diferentes problemáticas relacionadas coa linguaxe e abordarase a análise dun xeito integral. Os estudantes deben realizar o diagnóstico educativo e logopédico e a proposta de intervención pedagóxica. Nesta tarefa as profesoras realizarán un seguimento periódico mediante atención persoalizada.<br><br>Resulta imprescindible para o alumnado non asistente que manteña unha frecuente comunicación coas docentes para a preparación da materia. |

| Avaliación | | | |
|---|---|---|---|
| **Metodoloxías** | **Competencias / Resultados** | **Descrición** | **Cualificación** |
| Investigación (Proxecto de investigación) | A4 A16 A23 A28 B3 B23 B24 C2 | O alumnado en pequenos equipos terán que realizar unha entrevista a unha persoa á que se lle pedirá  información sobre a súa propia traxectoria persoal, facendo fincapé nos obstáculos pero tamén nas cuestións que favorecen o seu desenvolvemento individual e colectivo, tanto no ámbito educativo como social. A partir da entrevista, farase unha análise e interpretación da información, que se apoiará en bibliografía tanto proporcionada pola profesora como recollida polo propio alumnado. Finalmente farán unha proposta de intervención logopédica dende unha perspectiva inclusiva. Na plataforma moodle atoparase a información en canto ás normas para a súa elaboración, Presentación, etc | 60 |
| Proba de resposta breve | A4 A16 A23 A28 B3 | Ao alumnado propoñerémoslle unha serie de preguntas curtas sobre distintos temas abordados na materia, sobre os que terá que disertar tendo como referentes a súa opinión persoal fundamentada e enriquecida coas achegas bibliográficas suxeridas na bibliografía e/ou expostas na clase. | 40 |

| Observacións avaliación |
|---|
| O proxecto de investigación presentarase en formato dixital<br>O alumnado con recoñecemento oficial de adicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, deberá solicitar titorías para programar as sesións interactivas e expositivas, nas que non poderá estar, co fin de planificar os traballos substitutorios, se fose o caso. Estas especificidades so serán necesarias para o proxecto de investigación, para a proba breve concorrerá nas mesmas condicións que o resto do alumnado.<br>O proxecto de investigación ten un valor máximo de 5 puntos e o exame outros 5. Para a superación da materia é necesario como mínimo un 2 en cada unha das partes. Para superar a materia é necesario ter como mínimo un 5 |

| Fontes de información | |
|---|---|
| Bibliografía básica | - Acosta Rodríguez, V. M.  (2006). Investigación, evaluación y colaboración profesional ante las dificultades del lenguaje. El reto hacia los modelos inclusivos. Revista Chilena de Fonoaudiología<br>- Bauer, K. L., Iyer, S. N., Boon, R. T., & Fore, C. (2010). 20 ways for classroom teachers to collaborate with speech-language pathologists. Intervention in School and Clinic<br>- Echeita Sarrionandia, E. (2012). INCLUSIÓN Y EXCLUSIÓN EDUCATIVA. DE NUEVO1 , ?VOZ Y QUEBRANTO? 2. REICE, Revista Electrónica sobre Innovación y Cambio en Educación,<br>- Gobierno Vasco (2006). DESARROLLO DEL LENGUAJE Y DE LA COMUNICACIÓN EN EL MARCO DE UN MODELO INCLUSIVO DE INTERVENCIÓN.. Servicio Central de Publicaciones del Gobierno Vasco. https://www.euskadi.eus/contenidos/documentaci<br>- Grau Rubio, C. e Fernández Hawrylak, M.  (2016). La educación del alumnado inmigrante en españa. ARXIUS<br>- Gobierno de Navarra (2006). Evaluación de la comunicación y del lenguaje (ECOL). Manual.<br>- IRIS (2006). Estrategias y prácticas en las aulas inclusivas. IRIS 128735-CP-1-2006-1-BE-COMENIUS-C21<br>- Juncos Rabadán, O. e Pereiro Rozas, A (2002). PROBLEMAS DEL LENGUAJE ENLA TERCERA EDAD. ORIENTACIONES Y PERSPECTIVAS DE LA LOGOPEDIA.  Revista galego-portuguesa de psicoloxía e educación: revista de estudios e investigación en psicolo<br>- Sebastián HEREDERO, E.,  Álvarez ZURITA, M., González,  GÓMEZ, L. M.; Millán ALEMANY, R. (). ANÁLISIS DEL PROCESO DE DIAGNÓSTICO Y ELABORACIÓN DE UNA ADAPTACIÓN CURRICULAR: ESTUDIOS DE CASOS .<br>- UNESCO (2017). Guía para asegurar la inclusión y la equidad en la educación.<br>- Zapiola, Cr (2005). Adaptaciones curriculares para niños con compromiso en la comunicación y el lenguaje. : Revista argentina de psicopedagogía<br>- Ayuso Lanchares, A. & ali (2019). Método Doman para la inclusión e intervención de niños con trastorno del desarrollo del lenguaje.. Revista Internacional de Apoyo a la Inclusión, Logopedia, Sociedad y Multiculturalidad<br>- González Fernández, D.; Iturra Herrera, C. & Hernández González, O (2022). Trabajo colaborativo entre maestros y logopedas: una revisión acerca de las barreras y de su estructura subyacente. RIE<br>- Huerta Fernández, M.R. & al (2021). Una experiencia piloto en patrimonio y diversidad: Tentemoz@s. +Calidad<br>- Acosta Rodríguez, V.M. et al (2020). Intervention in Syntactic Skills in Pupils with Developmental Language Disorder. Intervention in Syntactic Skills in Pupils with Developmental Language Disorder Víctor M. Acosta Rod<br>- Murguia Moré, M. et ali (2016). El rol del logopeda en la inclusión educativa de los escolares con trastornos de la comunicación oral. Avances en supervisión educativa: Revista de la Asociación de Inspectores de Educación de España |

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

| | |
|---|---|
| **Bibliografía complementaria** | - BUENO AGUILAR, J. J. (1991). Un modelo de análisis de las funciones lingüísticas para el estudio del lenguaje en niños de educación especial. Temas actuales de la educación especial: Actas de las VI Jornadas de Universidades y Eduación Especi<br>- BUENO AGUILAR, J. J. (1991). Comparación del lenguaje funcional entre niños de educación especial y a niños normales. Enseñanza & teaching: Revista interuniversitaria de didáctica<br>- CASTEJÓN, L.A. e OUTROS (2008). La escuela inclusiva ante los alumnos tartamudos: actitudes y emociones en la relación educativa. Revista de Educación<br>- LOZANO MARTÍNEZ, J. e FAURA PALAO, C. (1998). Adaptaciones curriculares como respuesta educativa a las necesidades de un niño autista. Anales de Pedagogía. Revista de Curriculum y Formación del Profesorado<br>Páxinas con imáxes para elaborar e encontrar material:http://uk.dk.com/static/cs/uk/11/clipart/index.htmhttp://iespana2.gograph.com/IntegrationSimpleSearch.cfm?cfid=17779http://prescolaire.grandonde.com/clipart/activites/index.htmhttp://www.disabilityworld.org/09-10_01/spanish/indice.shtmlhttp://especial.fcep.urv.es/http://www.webespecial.com/webespecial.htmhttp://www.pntic.mec.es/http://w3.cnice.mec.es/recursos2/atencion_diversidad/01_03_01.htmhttp://cidat.once.es/http://needirectorio.cprcieza.net/http://www.xtec.es/~jlagares/indexcastella.htmhttp://informaticaparaeducacionespecial.blogspot.com/2008_05_01_archive.html http://villaves56.blogspot.com/2008/07/vocaroo-para-trabajar-la-expresin-oral.htmlhttp://cprcaspe.educa.aragon.es/RECURSOS/compensat.htmhttp://www.polibea.com/libros/index.htmhttp://platea.pntic.mec.es/~fmaquina/rg.htmhttp://www.revistaeducacion.mec.es/enlaces3.htmhttp://www.ulpgc.es/index.php?asignatura=1354130013572&ver=pd_bibliografia&id_Páxinas con sons grabados para elaborar material:http://www.findsouns.com/types.htmlhttp://iris.cinice.mecd.es/bancoimagenes/sonidos/directorio.phpOutros materiais de apoio:REVISTASRevista Educación Especial. Málaga: Aljibe.Revista Catalana d'Educació Especial i Atenció a la Diversitat. Vic:DepartamentRevista Galega da EducaciónRevista Galega do EnsinoCuadernos de PedagogíaRevista de Innovación EducativaRevista QuinesiaDisability & SocietyEducational PsychologyEmotional and Behavioural DifficultiesEuropean Journal of Special Needs EducationHigh Ability StudiesInternational Journal of Disability, Development and EducationInternational Journal of Inclusive EducationJournal of Intellectual & Developmental DisabilitySpecial Educational Needs Abstracts |

| Recomendacións |
|---|
| **Materias que se recomenda ter cursado previamente** |
| |
| **Materias que se recomenda cursar simultaneamente** |
| |
| **Materias que continúan o temario** |
| |
| **Observacións** |
| |

**(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías**